# CPI de Cova Terreña

- Páxina web
- Abalar Móbil
- Comedor Escolar
- Entrega fidedigna
- Alerta escolar
- Armarios con chave
- Normas básicas para o alumnado
- Transporte escolar
- Materias pendentes
- Actividades complementarias
- Proxectos Contratos-Programa
- Promoción da lingua inglesa
- E-Dixgal
- Axenda escolar
- ANPA
- Cafetaría



Rúa Dolores Agrelo, s/n 886120001 cpi.cova.baiona@edu.xunta.es

# Páxina Web




http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicovaterrena/

Rúa Dolores Agrelo, s/n 886120001 cpi.cova.baiona@edu.xunta.es

# Abalar Móbil

[https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/nova/abalarmobil](https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/nova/abalarmobil)

Vídeo Abalar Móbil




A Xunta de Galicia, coa finalidade de aumentar o acercamento entre o profesorado e as familias, ofrece **abalarMóbil**. Trátase dunha aplicación que permite ás familias consultar a información dos seus fillos a través do teléfono móbil dende calquera lugar, de forma cómoda e rápida.

Esta aplicación nace no contexto do Proxecto Abalar, un compromiso da Administración galega coa cidadanía galega, no ámbito da integración das novas tecnoloxías na práctica educativa, para acadar unha resposta integral e de futuro aos retos que presenta a educación do noso alumnado na sociedade dixital do século XXI.

abalarMóbil é unha aplicación que se pode instalar tanto no teléfono móbil como nunha tablet, e que permite ás familias consultar a información de calquera dos seus fillos a través destes dispositivos.

A descarga desta aplicación faise dende **Apple store** (se o sistema operativo é IOS) ou dende **Play Store** (se o sistema operativo é Android).

DISPONIBLE EN Google play

Consíguelo en el App Store

# Comedor Escolar

Espazo adicado na planta baixa: aula 18.

Horario de 13:50h a 15:50h.

Organizado pola ANPA: 698111741

Servizo prestado por *Catering* Arelas:

986408151  calidad@arelas.es



# Entrega fidedigna

*Instrución conxunta 9/2017 da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección de Centros e RRHH, pola que se establecen recomendacións sobre a saída do alumnado escolarizado nos centros educativos públicos da Comunidade Autónoma Galega ao remate do horario lectivo e sobre a recollida do mesmo nas paradas establecidas no transporte escolar.*

O alumnado menor de idade non poderá saír so do recinto escolar, salvo autorización expresa.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CENTRO PÚBLICO INTEGRADO COVA TERREÑA**

Rúa Dolores Agrelo, s/n C.P. 36300 Baiona
Teléfono: 886 12 00 01 Fax: 886 12 00 09
http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicovaterrena/

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia

**AUTORIZACIÓN DE RECOLLIDA DO ALUMNADO**

Eu, Don/Dona ________________________________________________pai/nai/titor/a legal do alumno/a________________________________________________ de ____ de Educación Infantil/Primaria/Secundaria do CPI COVA TERREÑA de Baiona,

| | | |
|---|---|---|
| | SI | Autorizo ao alumno/a a saír só do centro, ao rematar as sesións lectivas, eximindo á Consellería de calquera responsabilidade por danos ou lesións indemnizables que poidan sufrir os escolares. |
| | NON | |

AUTORIZO ás seguintes persoas responsables a recoller ao alumno/a:

# Alerta escolar

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria puxo en marcha desde o curso 2007/2008, o programa de **Alerta Escolar** en colaboración coa Fundación 061, que ten como obxectivo a atención inmediata e eficiente do alumnado que presente unha patoloxía crónica e pode desenvolver en calquera momento unha crise.

http://www.edu.xunta.gal/portal/node/371


XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

SERVIZO GALEGO de SAÚDE

Urxencias Sanitarias 061

Edif. Usos Múltiples – San Marcos s/n
15890 - Santiago de Compostela

**FORMULARIO DE INSCRICIÓN NO PROGRAMA ALERTA ESCOLAR**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Denominación do centro | | | |
| Nome do/a director/a | | | |
| Código do centro | Enderezo | | |
| Localidade | C.P. | Concello | Provincia |
| Teléfono | Fax | E-mail | |

DATOS DO ALUMNO/A

| | |
|---|---|
| Nome e apelidos do alumno | Data nacemento (dd/mm/aa) |

# Armarios con chave

O centro non se pode facer cargo das pertenzas persoais do alumnado xa que as aulas son compartidas.

O centro pon a disposición do alumnado de ESO armarios con chave para o seu uso durante o curso escolar para a garda e custodia do seu material e posesións.

O custo do servizo son 5€/curso escolar.



# Normas básicas para o alumnado

- Asistencia e puntualidade.
- Xustificar sempre mediante documento oficial as faltas de asistencia do alumnado.
- Limpeza e orde tanto persoal como na aula.
- Respecto aos compañeiros/as, ao profesorado, persoal non docente e ás instalacións do centro.
- Traer o material necesario para cada materia.
- Traballar e estudar diariamente , dentro e fora da aula.
- Entregar ás titorías nos prazos correspondentes os resgardos asinados polos responsables (faltas de asistencia, circulares informativas, amoestacións,...)
- Restrición de uso de móbil e dispositivos electrónicos.

A entrada ao centro para as familias será sempre pola porta **nº5**.

# Transporte escolar

O centro conta cunha única liña de transporte escolar para o alumnado procedente de Belesar.

Cada alumno/a usuario/a do servizo de transporte escolar dispón dun **pase** de autobús que deberá portar durante o traslado, facilitado gratuitamente. A súa reposición terá un custo de 1€.

Ao chegar ao centro entregara dito pase ao profesorado de garda quen será responsable da súa custodia dentro do recinto escolar. Ao rematar as sesións lectivas, o profesorado de garda entregaralles novamente o pase de autobús.

Se abandona o centro educativo antes de rematar as sesións lectivas recollerá o seu pase en conserxería. O alumnado que non vaia regresar no autobús deberá presentar autorización asinada polos seus responsables. Ante a falta de autorización, o alumnado deberá subir ao autobús.

# Materias pendentes

- Importancia da superación das materias pendentes para que non se convertan unha carga ao final e impidan a promoción e aínda a consecución do título de Graduado en Educación Secundaria.

- O noso PROGRAMA DE REFORZO:
  - Asistencia a clases específicas de repaso nos recreos para ser informados de:
    - obxectivos, contidos, criterios de avaliación e cualificación.
    - consultar dúbidas, entrega e recollida de tarefas,...
  - Esixencia de constancia e esforzo por parte do alumnado.
  - 2 avaliacións extraoficiais que permiten ao alumnado con materias pendentes poder ir superando as materias ao longo do curso.
  - Avaliación ordinaria en maio e extraordinaria en setembro.
  - Optativa de reforzo de pendentes en 2ºESO.

# Actividades complementarias

As actividades complementarias son parte da formación do alumnado, as cales son organizadas e planificadas cun sentido pedagóxico, lúdico e/ou enriquecedor para o alumnado.

O alumnado colaborará no financiamento do custo da actividade aportando parte do gasto do transporte e/ou entradas.



# Proxectos Contrato-Programa: Coro, Mediación, Teatro, PROA,...

**Coro**: Para alumnado de ESO que cursa a materia de Música ou Obradoiro de música. Actividade voluntaria e aberta a todo o alumando interesado, o cal debe manterse sen comportamentos disruptivos. Ensaios nos recreos e os xoves pola tarde.

**Equipo de mediadores**: alumnado que participa voluntariamente, dende 5º Ed.Primaria, na mellora da convivencia do centro escolar guiados polo Equipo de Convivencia.

**Teatro**: alumnado de 4º ESO que prepara adaptacións das obras clásicas de Shakespeare, por suposto, en Inglés!

**PROA**: Programa de reforzo educativo e acompañamento escolar dende 3ºEd.Primaria a 2ºESO.

**Mellora das competencias básicas**: Programa de reforzo para 3º e 4ºESO.

# Promoción da lingua inglesa

**CUALE**: Formación gratuíta para alumnado 4ºESO para obter o A2.

**English Week**: semana gratuíta de inmersión en lingua inglesa para o alumnado ofertado pola Consellería de Cultura Educación e O.U.

**Seccións bilingües**: de 2º a 6º de Ed.Primaria impártese a área de Educación Artística - Plástica para reforzar a lingua inglesa dende outro enfoque e contando cunha auxiliar de conversa. E en ESO a optativa de 2ºESO Programación.

**Anticipación da lingua inglesa en Ed.Infantil**: dúas intervencións semanais con profesorado especialista.



# E-Dixgal

**5º e 6º Ed.Primaria**: tódalas materias impártense a través de materiais dixitais.

**1ºESO e 2ºESO**: traballo con material dixital e material didáctico físico.

O alumnado ten á súa disposición un equipo informático de uso persoal a través dun contrato entre a familia e a CCEeOU.



# Axenda escolar

O centro agasalla este ano a axenda escolar para o curso 2020/2021 para que o alumnado organice o seu traballo e comunicación coas familias.



# ANPA

Asociación integrada polas familias do centro que traballan de xeito voluntario e de balde artellando e organizando servizos e actividades, colaborando activamente co centro, como o servizo de comedor e actividades extraescolares.

ANPA COVA TERREÑA

698111741 anpa.covaterrena@gmail.com

www.facebook.com/ANPACovaterrena/



# Cafetaría

Aberta a toda a comunidade educativa, con servizo de almorzo.

Recoméndase un uso responsable, especialmente ao alumnado máis novo.

# DÚBIDAS?

?

Rúa Dolores Agrelo, s/n 886120001 cpi.cova.baiona@edu.xunta.es